

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE205G e PE205H).

BDNS (Identif.): 606656.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as organizacións ou asociacións dos anteriores, incluídas as confrarías, que teñan un ámbito autonómico.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade:

1. Proxectos innovadores; entenderase por tales os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipamentos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.

2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños, que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos que reduzan os efectos da pesca sobre o ambiente, en particular mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo



tivo lograr un uso mais sustentable dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos predadores protexidos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE205G e PE205H).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2022, as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación que figura dotada no orzamento de gastos de Consellería do Mar para o ano 2022 e tramitaranse de forma anticipada.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.0, código de proxecto 2016.00277, importe total: 692.000 €, distribuídos nas seguintes dúas anualidades: anualidade 2022: 252.000 € e anualidade 2023: 440.000 €, para proxectos innovadores.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.0, código de proxecto 2016.00260, importe total: 1.202.000 €, distribuídos nas seguintes dúas anualidades: anualidade 2022: 400.000 € e anualidade 2023: 802.000 €, para operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: j5y5owg3-cam1-ywz7-6mj5-z173e8jgeru7

